

**AER PREOCÚPASE POLA DISTRIBUCIÓN DOS CONTEDORES DO LIXO
DENDE UNHA PERSPECTIVA DA SEGURIDADE VIARIA**



AER, tras ter recibidos avisos por parte de veciños de Redondela, onde indican que en diferentes puntos do concello existen contedores situados enriba das beirarrúas, tales como casos detectados en Cesantes na estrada de Catapeixe, á altura do número 63, ou no Viso na estrada da Teixeira; ven de presentar rexistro no Concello informando deste feito. Esta situación obriga aos peóns a ter que baixar da beirarrúa e transitar pola mesma estrada, xustamente ao contrario do que debera ser, e creando puntos evitables de inseguridade viaria.

Do mesmo xeito, tamén se teñen detectado casos nos que os contedores se atopan antes dun paso de peóns no sentido da circulación ou en cruces, de xeito que limitan a visibilidade e a seguridade á hora de cruzar a estrada.

Dende AER solicitouse coñecer que actuacións correctivas ten planificado o goberno local ao respecto, e que se proceda a unha revisión xeral dos emprazamentos dos contedores dende unha perspectiva da seguridade viaria e da non invasión de beirarrúas e zonas de tránsito dos peóns.